



**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O  
DÍA TRECE DE SETEMBRO 2017, CON CARÁCTER ORDINARIO.**

SRES. ASISTENTES:

Alcalde-Presidente	D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Tenentes de Alcalde:	D <sup>a</sup> . MARÍA JESÚS PIÑEIRO CALDELAS D. MANUEL COSTA CARNEIRO D. ROGELIO LEMA MOUGÁN
Escusa asistencia	D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ
Secretario	D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na casa do Concello de Vedra, sendo as vinte horas e corenta e cinco minutos do día trece de setembro de dous mil dezasete, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente don Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ao inicio desta acta. Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

**1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.**

Dáse conta da acta da sesión ordinaria celebrada o día tres de agosto do ano que andamos, que se aproban por unanimidade dos asistentes.

**2º.- Instancias de obras de particulares e comunicacións previas.**

2.1.- Instancia núm. 201700000001025 de Francisco López-Suevos Fraguela. (Expediente núm. 2017/U007/000009)

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio a efectos de notificacións en San Pedro, 22 (San Pedro de Sarandón), expón que con data do 26/07/2016 a Xunta de Goberno concedeulle licenza para construción de vivenda unifamiliar en San Pedro (San Pedro de Sarandón-Vedra), (licenza núm. 2016/U022/000016), nos termos do proxecto achegado e asinado por Clara González Gil en calidade de arquitecta, e que rematadas as obras e achegando a documentación preceptiva solicita a concesión da licenza de primeira utilización.

A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe emitido polos servizos técnicos municipais e do disposto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (artigo 142), no Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, así como nas demais lexislación de aplicación, acorda conceder a licenza solicitada e aprobar a liquidación das taxas correspondentes, que ascenderon, segundo a liquidación practicada para o efecto, á cantidade de noventa euros (#90,00#), xa ingresada nas arcas municipais.



2.2.- Instancia núm. 201700000001161 de don Manuel Blanco Enjamio. (Expediente núm. 2017/U022/000023)

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Viño grande (Illobre), solicita licenza para obras de construción de vivenda unifamiliar en Viño grande-San Andrés de Illobre (Expediente núm.: 2017/U022/000023), en solo cualificado como “De expansión do Núcleo Rural. N-2”, segundo o vixente PXOM, e nos termos do proxecto técnico achegado asinado por don Eugenio Torreira Pais, en calidade de arquitecto, e don Carlos Uzal Cabanas en calidade de Arquitecto-Técnico e director de execución de obras, coas seguintes características: ocupación máxima inferior ao 30% da parcela neta, núm.: planta baixa, altura máxima de cornixa menor a 7,00 m., e un coeficiente inferior a 0,30 m<sup>2</sup> de superficie edificable baixo teito por cada m<sup>2</sup> de parcela neta.

As actuacións solicitadas executaranse sobre da parcela con referencia catastral: 15090B50210194.

A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións:

1º.- O prazo para inicio das obras será de seis meses e de tres anos para a finalización, a contar dende a data de concesión da licenza.

2º.-. As obras axustaranse ás seguintes condicións:

-Construírse de acordo co proxecto achegado.

-En cumprimento do artigo 91 da Lei 2/2016 do solo de Galicia a cor a utilizar na fachada harmonizará coa contorna de maneira que favoreza a integración na contorna inmediata e na paisaxe.

-En cumprimento do artigo 24 da Lei 2/2016 do solo de Galicia deberá dotar á finca de abastecemento de auga de maneira que se garanta a execución deste, e do sistema de eliminación de augas residuais, de forma simultánea coa edificación, estando a licenza de primeira ocupación condicionada ao seu correcto funcionamento. Deberán solicitar a preceptiva autorización de Augas de Galicia.

-A distancia mínima da fosa séptica e pozos filtrantes respecto dos lindeiros será de 3 m, debendo gardar a distancia das aliñacións respecto das vías.

-Deberase proceder ao acondicionamento da zona de cesión para vías, que deberá quedar axardinada e coa mesma rasante que a vía. A rampla de acceso tamén deberá quedar ao mesmo nivel cá vía e deberase colocar por debaixo un tubo de sección mínima de 400 mm para permitir o paso das augas da cuneta á que haberá que darlle continuidade.

3º.- Así mesmo, e á vista do disposto no artigo 24 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, acéptase a cesión de vías nos termos do disposto na documentación achegada para os efectos, e no plano do proxecto número 01, de 92,00 m<sup>2</sup>, e que, previos os trámites oportunos, será incorporada ao Inventario Municipal de Bens, debendo achegar escritura pública na que se formalice a mencionada cesión e estando a licenza de primeira ocupación condicionada ao cumprimento efectivo destes requisitos.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de mil trescentos vinte e dous euros (#1.322,00#)



2.3.- Comunicación previa de obra de don Manuel Jesús Carpinteiro Quintas. (Expediente núm. . 2017/U026/000033)

Dáse conta do citado expediente de comunicación previa de obra promovido por don Manuel Jesús Carpinteiro Quintas para colocación de tubos de 40 cm. nas gábeas e para acceso á parcela.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre da parcela con referencia catastral 15090A506013390000AO, emprazada en Cimadevila – San Miguel de Sarandón), cun prazo de execución de 6 meses.

A Xunta de Goberno:

Primeiro.- Toma coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido. Por tratarse dun uso especial do dominio público, deberá terse en conta o disposto nos artigos 75 e seguintes do Real decreto 1372/1986, do 13 de xuño, de bens das entidades locais, e a licenza entenderase axustada á natureza do dominio e aos actos da súa afectación; adecuándose á información gráfica que foi presentada.

Segundo.- Acorda aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cincuenta euros (#50,00#).

2.4.- Comunicación previa de obra de don José Vicente Mareque Rey. (Expediente núm. 2017/U026/000034)

Dáse conta do citado expediente de comunicación previa de obra promovido por don José Vicente Mareque Rey para pintado de fachada de vivenda.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre da parcela con referencia catastral 000301600NH43G, emprazada en Texo, 7 (San Fins de Sales), cun prazo de execución de 1 mes.

A Xunta de Goberno:

Primeiro.-Toma coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo manterse a altura da cornixa e do cumio, así coma as pendentes dos faldróns, e empregar tella cerámica.

Se para a execución da obra é precisa a colocación de estadas deberá achegar nomeamento de Coordinador de Seguridade e Saúde.

Segundo.- Acorda aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cincuenta euros (#50,00#).

2.5.- Comunicación previa de obra de don Jenaro Eugenio Barreiro Canicoba. (Expediente núm. 2017/U026/000035)

Dáse conta do citado expediente de comunicación previa de obra promovido por don Jenaro Eugenio Barreiro Canicoba para substitución da tella da vivenda.



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre da parcela con referencia catastral 001001600NH34B0001GI, emprazada en Paradela , 18 (San Xián de Sales), cun prazo de execución de seis meses.

A Xunta de Goberno:

Primeiro.- Toma coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo manterse a altura da cornixa e do cumio, así coma as pendentes dos faldróns, e empregar tella cerámica.

Se para a execución da obra é precisa a colocación de estadas deberá achegar nomeamento de Coordinador de Seguridade e Saúde.

Segundo.- Acorda aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de sesenta e sete euros con corenta e seis céntimos (#67,46#).

2.6.- Comunicación previa de obra de dona María Carmen Cajaraville Sánchez. (Expediente núm. 2017/U026/000037 )

Dáse conta do citado expediente de comunicación previa de obra promovido por dona María Carmen Cajaraville Sánchez para rehabilitación de edificación consistente en cambio de cuberta, colocando pranchas de fibrocemento e tella.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre da parcela con referencia catastral 002201500NH43G, emprazada en Viño grande, 16 (San Andrés de Illobre), cun prazo de execución de 1 ano .

Dáse conta da autorización emitida polo Servizo de Vías e Obras de Deputación Provincial de A Coruña.

A Xunta de Goberno :

Primeiro.- Toma coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo manterse a altura da cornixa e do cumio, así coma as pendentes dos faldróns, e empregar tella cerámica.

Se para a execución da obra é precisa a colocación de estadas deberá achegar nomeamento de Coordinador de Seguridade e Saúde.

Segundo.- Acorda aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de noventa e cinco euros con setenta e nove céntimos (#95,79#).

2.7.- Comunicación previa de obra de dona María Carmen Castelao Nogueira. (Expediente núm. 2017/U026/000038)

Dáse conta do citado expediente de comunicación previa de obra promovido por dona María Carmen Castelao Nogueira para rehabilitación de edificación, de aproximadamente 160 m<sup>2</sup> en planta, consistente en cambiar o tellado colocando uralita e tella.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre da parcela con referencia catastral 001601500NH43F0001DI, emprazada en Merín, 1 (San Cristovo de Merín), cun prazo de execución de 1 ano.

A Xunta de Goberno:



Primeiro.- Toma coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo manterse a altura da cornixa e do cumio, así coma as pendentes dos faldróns, e empregar tella cerámica.

Se para a execución da obra é precisa a colocación de andamios deberá achegar nomeamento de Coordinador de Seguridade e Saúde.

Segundo.- Acorda aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cento vinte e oito euros con vinte e tres céntimos (#128,23#).

2.8.- Instancia núm. 201799900000014 de dona Nuria Pozo Castro e don Pablo Alvar López (Expediente núm. 2017/U022/000024)

Dáse conta da citada instancia na que os interesados, con domicilio en Cibrán, 36 – San Xián de Sales, solicitan licenza para obras de construción de vivenda unifamiliar en Texo –San Fins de Sales (Expediente núm.: 2017/U022/000024), en solo cualificado como de expansión de núcleo rural (N2) segundo o Plan Xeral de Ordenación Municipal, cunha ocupación máxima inferior ao 30% da parcela neta, núm.: planta B. Altura máxima de cornixa menor a 7,00 m. e un coeficiente inferior a 0,30 m<sup>2</sup> de superficie edificable baixo teito por cada m<sup>2</sup> de parcela neta, segundo o proxecto achegado, redactado polos arquitectos, don Alfonso Salgado e don Francisco Liñares (Salgado e Liñares), cun orzamento de 107.848,00 euros.

As actuacións solicitadas executaranse sobre da parcela con referencia catastral: 15090C502008020000XA.

A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións:

1º.- O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para a finalización, a contar dende a data de concesión da licenza.

2º.-. As obras axustaranse ás seguintes condicións:

-Construirase de acordo co proxecto achegado.

-En cumprimento do artigo 91 da Lei 2/2016 do solo de Galicia a cor a utilizar na fachada harmonizará coa contorna de maneira que favoreza a integración na contorna inmediata e na paisaxe.

-En cumprimento do artigo 24 da Lei 2/2016 do solo de Galicia deberá dotar á finca de abastecemento de auga de maneira que se garanta a execución deste, e do sistema de eliminación de augas residuais, de forma simultánea coa edificación, estando a licenza de primeira ocupación condicionada ao seu correcto funcionamento. Deberán solicitar a preceptiva autorización de Augas de Galicia.

-A distancia mínima da fosa séptica e pozos filtrantes respecto dos lindeiros será de 3 m, debendo gardar a distancia das aliñacións respecto das vías.

-Deberase proceder ao acondicionamento da zona de cesión para vías, que deberá quedar axardinada e coa mesma rasante que a vía. A rampla de acceso tamén deberá quedar ao mesmo nivel cá vía e deberase colocar por debaixo un tubo de sección mínima de 400 mm para permitir o paso das augas da cuneta á que haberá que darlle continuidade.

3º.- Así mesmo, e á vista do disposto no artigo 24 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, acéptase a cesión de vías nos termos do disposto na documentación achegada para os efectos, e no plano do proxecto número 00a00, de 83,50 m<sup>2</sup>. e que, previos os trámites oportunos, será incorporada ao Inventario Municipal de Bens,



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



debedo achegar escritura pública na que se formalice a mencionada cesión e estando a licenza de primeira ocupación condicionada ao cumprimento efectivo destes requisitos.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de dous mil cento cincuenta e seis euros con noventa e seis céntimos (#2.156,96#)

### 3º. Facturas varias


Dáse conta das seguintes facturas:

Número Factura	Data Factura	Importe (€)	Nome Provedor/Acredor	Descrición
841498036	06/07/2017	364,46	Ricoh España, SLU	Cota mínima mes xullo/2017 das impresoras-fotocopiadoras de servizos sociais, biblioteca e oficinas xerais
C90/2017	22/06/2017	210,86	Fegamp	Cota anual do concello de Vedra de asociado á Fegamp correspondente ao exercicio 2017
CU753811	24/05/2017	251,96	Bebitus Retail, S.L.U.	Vaixelas de bebés subministradas en maio/2017 para agasallos dos nacementos no concello de Vedra
28-G782-168234	01/07/2017	168,49	Telefónica Móviles España, S.A.	Servizo telefónico plan empresas móbil (3 liñas) período 18/05/2017-17/06/2017
28-G782-006086	01/07/2017	763,36	Telefónica Móviles España, S.A.	Servizo telefónico plan corporativo tarifa única (32 extensións móbiles) período 18/05/2017-17/06/2017
940/200426867	04/07/2017	176,81	Rentokil Inital España, SA - Delegación Galicia	Servizo de 2 unidades hixiénicas para a casa consistorial no período 01/07/2017-31/12/2017
601-KF17-42775	01/07/2017	137,94	Orange Espagne, S.A.U.	Servizo de internet + sede asimétrica na casa consistorial no período 01/06/2017-30/06/2017
2017.8050A/ 0845	14/07/2017	5.245,35	Universidade de Santiago de Compostela	Traballos de planificación enerxética sustentable en edificacións do concello de Vedra (1º pagamento)
TA5LL0019481	19/07/2017	40,04	Telefónica de España, S.A.U.	Servizo telefónico na escola de música de Santa Cruz (cotas de xullo/2017 e tráfico de xuño/2017)
A10010130437-0717	01/07/2017	837,27	Orange Espagne, S.A.U.	Servizos telefónicos correspondentes ao período 01/06/2017-30/06/2017 (inclúe baixa anticipada), a repercutirle a Movistar
17 036	01/08/2017	2.420,00	J&L Tudo Consulting S.L.	Elaboración da Relación de Postos de Traballo do concello de Vedra (modificación do presuposto adxudicado)
28-H7M0-444387	01/08/2017	24,20	Telefónica Móviles España, S.A.	Servizo telefónico na nave de Trobe para control horario de persoal municipal período 18/06/2017-17/07/2017
28-H7M0-139342	01/08/2017	54,45	Telefónica Móviles España, S.A.	Servizo de internet móbil (Multidispositivo 45) prestado no período 18/06/2017-17/07/2017
28-H7M0-020859	01/08/2017	239,15	Telefónica Móviles España, S.A.	Servizo telefónico plan empresas móbil (3 liñas) período 18/06/2017-17/07/2017
28-H7U1-005770	01/08/2017	799,32	Telefónica Móviles España, S.A.	Servizo telefónico plan corporativo tarifa única (32 extensións móbiles) período 18/06/2017-17/07/2017
3053813	31/07/2017	258,94	MHP Servicios de Control, S.L.	Servizo integral de control horario do persoal municipal no período do 01/07/2017 ao 31/07/2017



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



Rect-Emit- 4	02/08/2017	1.452,00	Inda Iniciativas, S.L.	Asistencia técnica para tramitar proposta de proxecto no marco da convocatoria ano 2017 do programa Erasmus+ Xuventude
CI5495	27/07/2017	268,56	Staples Productos de Oficina, S.L.U. (Kalamazoo)	Material de oficina subministrado o 27/07/2017
37 4706	31/07/2017	940,59	Ulla-Oil S. L.	Gasóleo B para os tractores municipais subministrado o 31/07/2017 na nave de Trobe
94440205	21/07/2017	489,20	Repsol Butano, S.A.	Subministro de gas realizado no albergue de peregrinos de Vilanova o 20/07/2017
17-1086	31/07/2017	294,54	Puente Ulla S.L.	Gasóleo A subministrado os días 5, 10 e 11 de xullo para os vehículos do Campo de Traballo 2017
17-1075	31/07/2017	334,41	Puente Ulla S.L.	Gasóleo B para os tractores municipais subministrado na estación de servizo durante o mes de xullo/2017
17-1082	31/07/2017	348,92	Puente Ulla S.L.	Gasóleo A para o vehículo da Escola de Verán 2017 subministrado no mes de xullo/2017
17-1083	31/07/2017	1.089,98	Puente Ulla S.L.	Gasóleo A e outros produtos subministrados para o camión de recollida do lixo 9047HPG no mes de xullo/2017
17-1084	31/07/2017	190,51	Puente Ulla S.L.	Gasolina 95 e outros produtos subministrados para a brigada verde no mes de xullo/2017
17-1085	31/07/2017	8,50	Puente Ulla S.L.	Líquido de freos para o vehículo C6247BF subministrado o 06/07/2017
17-1087	31/07/2017	15,50	Puente Ulla S.L.	Gasolina 95 para a maquinaria de Protección Civil subministrada o 28/07/2017
07/17	16/01/2017	80,24	Nodar Carbia Sergio (Talleres Mosteiro - Reparación del Automóvil)	Revisión e ITV do vehículo do servizo municipal de limpeza (Citroën C15)
639/17	27/07/2017	40,18	Gráfica de Asturias S.L.	Carpetas rotuladas para sesións do Pleno do Concello subministradas o 17/07/2017
309	31/07/2017	84,70	Mobraferr, s.l.u.	Servizo de arrendamento de pisón para o arranxo de pistas correspondente ao mes de xullo/2017 (do día 1 ao día 4)
CI6278	28/07/2017	138,59	Staples Productos de Oficina, S.L.U. (Kalamazoo)	Material de oficina subministrado o 28/07/2017
4002078748	31/07/2017	492,65	S. E. Correos y Telégrafos S.A.	Servizos de franqueo pagado e publicidade directa prestados no período 01/07/2017-31/07/2017
373//17	31/07/2017	924,50	Talleres y Repuestos Barco S.L.	Motoserra para protección civil e repostos para a maquinaria da brigada verde subministrados en xullo/2017
FC9788 12	04/08/2017	568,90	García Sarandón, S.L.U.	Alimentos e produtos de primeira necesidade subministrados o 03/08/2017 para atencións de emerxencia social
A/138	31/07/2017	866,88	García Sarandón, S.L.U.	Materiais e produtos servidos en xullo/2017 para protec. civil, brig. verde, Feiravedra, s.sociais, xuventude e outros
FE17321237796980	05/07/2017	299,58	Gas Natural Servicios SDG S.A.	Subministro eléctrico á casa do Concello no período 31/05/2017 - 28/06/2017
FE17321237796979	05/07/2017	302,27	Gas Natural Servicios SDG S.A.	Subministro eléctrico á depuradora de Calzande no período 30/05/2017 - 26/06/2017
FE17321237796978	05/07/2017	305,65	Gas Natural Servicios SDG S.A.	Subministro á iluminación pública de Dozar no período 31/05/2017 - 28/06/2017



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



FE17321237796977	05/07/2017	310,10	Gas Natural Servicios SDG S.A.	Subministro eléctrico ao campo de fútbol de Santa Cruz no período 31/05/2017 - 28/06/2017
1 5954/2017	31/07/2017	3.739,74	Servital Servicios Sociosanitarios, S.L.	Servizo de axuda no fogar mes xullo/2017 (horas de libre concorrencia)
1 5955/2017	31/07/2017	22.432,94	Servital Servicios Sociosanitarios, S.L.	Servizo de axuda no fogar para a dependencia mes xullo/2017 (horas ordinarias e festivas)
FE17321238082314	07/07/2017	256,23	Gas Natural Servicios SDG S.A.	Subministro á iluminación pública de Sol no período 31/05/2017 - 30/06/2017 (CUPS ES0022000007480452RB1)
FE17321238082316	07/07/2017	212,11	Gas Natural Servicios SDG S.A.	Subministro á iluminación pública de Ponte Ulla no período 01/06/2017 - 30/06/2017
2017 244	01/08/2017	320,17	Electricidad Cruceiro, SL	Reposición de cable roubado en San Fins de Sales (segundo orzamento 2017095)
FE1732123779559	04/07/2017	1.037,66	Gas Natural Servicios SDG S.A.	Subministro eléctrico ao CEIP de Santa Cruz no período 22/03/2017 - 27/06/2017
FE17321237796981	05/07/2017	1.125,82	Gas Natural Servicios SDG S.A.	Subministro eléctrico ao CPI de Vedra no período 31/05/2017 - 28/06/2017
FE17321238082315	07/07/2017	166,70	Gas Natural Servicios SDG S.A.	Subministro á iluminación pública de Sol no período 01/06/2017 - 30/06/2017 (CUPS ES0022000004975461QL1P)
FE17321238082313	07/07/2017	106,72	Gas Natural Servicios SDG S.A.	Subministro á iluminación pública de Fufin no período 31/05/2017 - 30/06/2017
2017 239	05/08/2017	6.241,48	Acofide 2000 Xestión, S.L.	Servizo de xestión de actividades e mantemento do polideportivo municipal de Vedra (mes xullo/2017)
2017 240	05/08/2017	4.598,00	Acofide 2000 Xestión, S.L.	Servizos de xestión e socorrismo da piscina municipal de Vedra tempada verán 2017 (mes xullo)
Emit- 17005728	04/08/2017	801,02	Baygar, S.L.	Sinais diversas, postes e espellos parabólicos subministrados en xullo/2017 para colocación nas vías públicas municipais
445	19/07/2017	484,00	García Boquete David (Transportes e Mudanzas David)	Traballos de montaxe de carpa para o torneo do C.D. San Mamed celebrado os días 6 e 7 de xuño de 2017
446	02/08/2017	867,57	García Boquete David (Transportes e Mudanzas David)	Servizos de recollida, montaxe e desmontaxe de mobles na casa consistorial, museo de Vedra e casa das artes de Nande
2017 241	05/08/2017	306,66	Acofide 2000 Xestión, S.L.	Apertura da piscina municipal en horario extraordinario (de 10 a 14 horas) os días 4, 11 e 18 de xullo/2017
707/2	31/07/2017	532,40	@Lumao Vedra, S.L.U. (Organización de Eventos)	Servizo de dous módulos de duchas prestado para os participantes no Campo de Traballo 2017
6	10/07/2017	26,34	De la Torre Lobato José Manuel	Rozar a masa común existente xunto á casa da antiga cámara agraria de Santa Cruz
7/2017	30/07/2017	1.750,00	Escola de Musica de Santa Cruz	Achega municipal ás clases de música en Santa Cruz (segundo convenio) mes xullo/2017
53140094432191	08/08/2017	355,74	Siemens Renting, S.A.	Arrendamento das máquinas fotocopiadoras-impresoras período 12/08/2017-11/09/2017



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



1701041856	01/08/2017	491,74	ADIF - Administrador de Infraestructuras Ferroviarias	Arrendamento dos locais da estación do tren de Santa Cruz mes agosto/2017
55	31/07/2017	30,25	Camino Bouzón Miguel Ángel	Garrafa de 25 litros de hipoclorito subministrada o 10/07/2017 para a potabilidade da auga da escola de San Xián
56	31/07/2017	48,40	Camino Bouzón Miguel Ángel	Desmontar as casetas dos baños instaladas no CPI de Vedra para os participantes no Campo de Traballo 2017
201700405	31/07/2017	420,64	Droguería-Ferretería El Sol, SL	Materiais subministrados en xullo/2017 para as actuacións de sinalización turística do Campo de Traballo 2017
201700404	31/07/2017	145,28	Droguería-Ferretería El Sol, SL	Materiais subministrados en xullo/2017 para mantemento do servizo municipal de augas
201700403	31/07/2017	1.729,10	Droguería-Ferretería El Sol, SL	Materiais subministrados en xullo/2017 para obras da brigada municipal e mantemento
17/000148	31/07/2017	44,77	M.C. Mapoca, S.L.	Cemento e outros materiais subministrados en xullo/2017 para mantemento das vías públicas municipais
17/000147	30/07/2017	125,78	M.C. Mapoca, S.L.	Materiais diversos subministrados en xullo/2017 para mantemento do CPI de Vedra e da escola de San Miguel
2017/000146	30/07/2017	333,11	M.C. Mapoca, S.L.	Materiais subministrados en xullo/2017 para obras na fonte de Trobe
001/17	01/08/2017	435,60	Villasenín Iglesias Rubén	Impartir curso de educación ambiental no programa de información e dinamización xuvenil emprendedora Val do Ulla 2017
OB94/2017	08/08/2017	2.990,00	Couto Rendo Rocío	Actividade lúdico-educativa para realización dun campamento xuvenil de voluntariado dentro do Campo de Traballo 2017
36004699	07/08/2017	95,01	Fornecementos Galegos, SL (Foga)	Lectura dos contadores da máquina fotocopiadora-impresora da planta baixa (período facturado do 01/07/2017 ao 12/07/2017)
T 171170	31/07/2017	312,20	Autos Brea, S.L.	Arrendamento do vehículo Renault Clio 7460JNN dende o 4 ata o 16 de xullo para o Campo de Traballo 2017
T 171171	31/07/2017	363,00	Autos Brea, S.L.	Arrendamento do vehículo VW Crafter 2838JGW dende o 4 ata o 13 de xullo para o Campo de Traballo 2017
T 171172	31/07/2017	363,00	Autos Brea, S.L.	Arrendamento do vehículo Ford Transit 1265JTP dende o 4 ata o 17 de xullo para o Campo de Traballo 2017
601-KF17-49113	01/08/2017	137,94	Orange Espagne, S.A.U.	Servizo de internet + sede asimétrica na casa consistorial no período 01/07/2017-31/07/2017
28-2017	26/07/2017	810,70	Galicia Eventos y Ocio, S.L.	Servizo de inchables prestado nas festas do polbo en Vedra, de fin de curso en Santa Cruz e das peñas en Trobe en 2017
27-2017	26/07/2017	726,00	Galicia Eventos y Ocio, S.L.	Servizo de WC químico prestado os días 3, 4, 10 e 11 de xuño/2017 para a celebración do Torneo de Fútbol-7 en San Mamede
17/81	01/07/2017	1.640,76	Marcas Viarias, S.L.	Traballos de sinalización horizontal realizados na vía pública en Sta. Cruz (antigo tramo EN-525 zona Galegos-Eiravedra)
A 18	07/08/2017	654,01	Construcciones M.Rendo SL	Materiais e man de obra de modificacións realizadas no campo de fútbol de San Mamede



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



4 Tickets	29/05/2017	83,61	Acredores diversos	Alimentos para o servizo municipal de madrugadores mercados durante o mes de maio/2017
Tickets (4)	13/06/2017	67,80	Acredores diversos	Alimentos para o servizo municipal de madrugadores mercados durante o mes de xuño/2017
2 Tickets	19/05/2017	4,69	Acredores diversos	Produtos para o servizo municipal de ludoteca mercados durante o mes de maio/2017
Tickets (2)	26/06/2017	34,93	Acredores diversos	Materiais para o servizo municipal de ludoteca mercados durante o mes de xuño/2017
2017/1966	31/07/2017	8.409,91	Sogama S. A.	Tratamento dos residuos urbanos do mes de xullo/2017
A00034890	31/07/2017	36,59	Campos y Costas Consulting, S.L. (MRW)	Envío urgente de produtos para a promoción turística realizado de Vedra a Ourense o 06/07/2017
148 FACTURAS	02-05-06-09-26-27-30/07/2017	10.887,59	Gas Natural S.U.R. SDG, S.A.	Subministro á iluminación pública municipal durante os meses de xuño e/ou xullo 2017
27 FACTURAS	02-05-27-30/07/2017	1.309,69	Gas Natural S.U.R. SDG, S.A.	Subministro a diversos locais e instalacións municipais durante os meses de maio e/ou xuño e/ou xullo 2017
FE17137015642477	13/08/2017	40,27	Gas Natural S.U.R. SDG, S.A.	Subministro eléctrico ao bombeo de Neira de Abaixo período 01/07/2017-31/07/2017
Recibo nº 3	03/08/2017	2.653,29	Ayuntamiento de Boqueixón	Subministro de auga ao concello durante o 2T/2017 (contador do Pico Sacro: A13JE001036X)
Recibo nº 1	03/08/2017	1.146,53	Ayuntamiento de Boqueixón	Subministro de auga ao concello durante o 2T/2017 (contador 1101936, da marxe dereita da N-525)
